


CURSOS

de extensión universitaria

Verán 2025

Campus de Vigo

Ideas frescas!



MATRÍCULA

A partir do 12 de maio
campusactivo.uvigo.gal

Destinados á cidadanía en
xeral e universitarios/as




CURSOS

de extensión universitaria

Verán 2025

Campus de Vigo

Ideas frescas!



MATRÍCULA

A partir do 12 de maio

campusactivo.uvigo.gal

Universidade de Vigo

ENFRONTARSE ÁS URXENCIAS CARDIOVASCULARES DENDE O ÁMBITO CLÍNICO E TECNOLÓXICO

Todo o obradoiro terá moi presente a posibilidade de incorporar a intelixencia artificial (IA) e a tecnoloxía sanitaria no entorno cardiovascular.

Repasar a anatomía e fisioloxía do aparello cardiovascular.

Obradoiro de electrocardiografía e recoñecemento de Bradicardia e Taquicardia.

Algoritmo de actuación no síncope e no tromboembolismo pulmonar agudo.

Diferenciar e filiar unha dor torácica e disnea segundo as súas características.

Coñecer o manexo das síndromes coronarias agudas na actualidade.

Coñecer as causas máis frecuentes de parada cardíaca e clases teórico-prácticas de actuación na reanimación cardiopulmonar básica e posición lateral de seguridade.

- **Dirección:** María Sol Bravo Amaro
- **Docentes:** Marisol Bravo Amaro, Laura Arnaiz Betolaza, Elisa Blanco González, Rafael Cobas Paz, Mónica Pardo Fresno, Elvis Teijeira Fernández, Pilar Cabanas Gandío, Saleta Fernández Barbeita, Francisco Calvo Iglesias, Inmaculada González Bermúdez, María Torres Durán, Nicolas López Canoa, David Dobarro Pérez, Manuel Barreiro Pérez, Pablo Dominguez Erquicia, Berenice Caneiro Queija, Lucía Riobóo Lestón e Sergio Raposeiras Roubín
- **Lugar:** aula 5 de docencia do Hospital Álvaro Cunqueiro
- **Datas e horario:** 1, 2, 3, 8, 9 e 10 de setembro de 15.30 a 20.30 h
- **Horas totais:** 30
- **Prazas:** 30
- **Prezo:** 60 euros

PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL DO BIERZO (XIII): CARA O FUTURO COA (CON)CIENCIA

Coñecer o patrimonio natural do Bierzo e o seu importante papel na Reserva da Biosfera dos Ancares.

Afondar no coñecemento do patrimonio cultural e da historia do Bierzo.

Estudar a biodiversidade do Bierzo (fauna e flora) e coñecer e interpretar as súas paisaxes.

Explicar algunhas das repercusións que as alteracións de orixe antrópica poden producir na natureza.

Avaliar as repercusións da progresiva perda de biodiversidade nun espazo natural como o Bierzo.

Coñecer os fondos do Museo de Ciencias Naturais e Etnográficas do PP. Paules de Villafranca del Bierzo.

Presentar os últimos avances en cuestións biolóxicas e históricas e transferir ese coñecemento á sociedade.

- **Dirección:** Josefina Garrido González
- **Docentes:** Josefina Garrido González, Carlos Fernández Rodríguez, Capitolina Díaz Martíne, José Eduardo Nieto Santín, Mercedes Fernández Fernández, Bernardo López Sanmartín, Francisco Arias Ferrero, Ramiro López Medrano, José Luís Besada Blanco, Esther Álvarez García
- **Lugar:** Museo de Ciencias Naturais e Etnográfico dos PP. Paules de Villafranca do Bierzo e Noceda do Bierzo
- **Datas e horario:** 4 de xullo de 09.30 a 23.00 h
5 de xullo de 09.00 a 21.00 h
6 de xullo de 10.00 a 19.00 h
- **Horas totais:** 30
- **Prazas:** 60
- **Prezo:** 55 euros

LABORATORIO DOS SENTIDOS II

Coñecer a historia dos sentidos, das ideas e teorías que foron conformando a súa xerarquización e concepción.

Aproximar as prácticas artísticas contemporáneas e doutros momentos históricos, dende unha perspectiva de xénero.

Explorar a influencia e interacción entre as distintas artes e disciplinas: pintura, escultura, fotografía, poesía, danza e arte sonoro.

Conectar coa dimensión que ten cada un dos nosos sentidos no coñecemento da realidade.

Realizar propostas artísticas baseadas na sinestesia, interacción e correspondencias entre distintos estímulos perceptivos e sensoriais.

Xerar un espazo propicio para a experimentación, comprensión e xogo dende a nosa subxetividade e propia experiencia, a partir de diferentes puntos de partida.

- **Dirección:** Iria Vázquez López
- **Docentes:** Iria Vázquez López, Marco Maril Pardo e Macarena Montesinos Fandiño
- **Lugar:** aula 1 e sala de exposicións do edificio Redeiras Praza do Berbés 11, Vigo
- **Datas e horario:** 24, 25, 26, 27 e 30 de xuño
1, 2, e 3 de xullo de 10.00 a 14.00h
- **Horas totais:** 32
- **Prazas:** 20
- **Prezo:** 50 euros

INICIACIÓN AO ARTE 3D

Descubrir o potencial creativo da Arte 3D, aproximándose as ferramentas e técnicas que son estándar nas industrias dos videoxogos e a animación.

A arte 3D nas industrias culturais supón un campo clave que pode brindar múltiples oportunidades profesionais.

Adquirir coñecementos aplicables a videoxogos e a animación, a publicidade, as tecnoloxías biomédicas ou a arquitectura.

Adquirir competencias en modelado, esculpido, texturizado, rigging, animación e renderizado.

Adquirir coñecementos para continuar a súa aprendizaxe en calquera destas disciplinas, coa capacidade de experimentar con softwares avanzados.

- **Dirección:** Alberto Abal Silva
- **Docentes:** Alberto Abal Silva, Francisco Pérez Álvarez e Belén Bonilla Omil
- **Lugar:** escola de Enxeñería Industrial
- **Datas e horario:** 2, 4, 9, 11, 16, 18, 23, 25 e 30 de setembro
2, 7, 9, 14, 16, de outubro de 18.00 a 20.30 h.
- **Horas totais:** 35
- **Prazas:** 20
- **Prezo:** 40 euros
- **Requisitos básicos:** coñecementos básicos de manexo de equipos informáticos

GIT E GITHUB: CONTROL DE VERSIÓNS E COLABORACIÓN EN DESENVOLVEMENTO DE SOFTWARE

Fundamentos de Git e control de versión.

Traballo colaborativo con GitHub.

Automatización e fluxos de traballo con GitHub Actions.

Uso de intelixencia artificial en desenvolvemento con GitHub Copilot.

Organización e xestión de proxectos con GitHub Projects.

Despregamento de proxectos web con GitHub Pages.

- **Dirección:** Luis Fernández Couñago
- **Docentes:** Luis Fernández Couñago
- **Lugar:** aula T215 da escola de Enxeñería de Telecomunicación
- **Datas e horario:** 17, 18, 24 e 25 de setembro
1, 2, 8, 9, 15 e 16 de outubro de 16.30 a 19.30 h
- **Horas totais:** 30
- **Prazas:** 20
- **Prezo:** 30 euros

FAI O TEU PROPIO SATÉLITE

Adquirir as competencias básicas de desenvolvemento de misións espaciais e plataformas satélite baseadas no estándar CubeSat.

Adquirir unha visión xeral de todos os elementos que compoñen un sistema espacial, os retos e beneficios que levan asociados estes sistemas.

Familiarización cos sistemas espaciais, centrado nos pequenos satélites.

Introdución á enxeñaría de sistemas espaciais.

Coñecer os subsistemas e elementos dun pequeno satélite.

Realización de análises de misións espaciais.

Elaboración de probas prácticas dun sistema de comunicacións de radio

Desenvolvemento dos coñecementos para realizar un prototipo de circuíto en PCB para sistemas espaciais.

Introdución ao desenvolvemento de software para unha misión espacial.

- **Dirección:** Guillermo Calvo Hermo
- **Docentes:** Manuel Diz Folgar, Guillermo Calvo Hermo, Ezequiel Andrés Rodríguez bracamonte, Sergio Benjamín Rodríguez López, Víctor Iglesias Vázquez, Pablo Fernández Fernández, Victoria Vigo Ledo, Ignacio González Rúa e Víctor Iglesias Vázquez
- **Lugar:** aulas T10X e LD01 da escola de Enxeñería de Telecomunicación
- **Datas e horario:** 1, 2, 3, 4 e 5 de setembro de 09.00 a 15.00 h
- **Horas totais:** 30
- **Prazas:** 30
- **Prezo:** 35 euros

LENDO CON MIRADA FEMINISTA: UNHA APROXIMACIÓN Á CRÍTICA E TEORÍA LITERARIA FEMINISTA

Reflexionar sobre o papel que a crítica e a teoría literaria feministas xogan nos estudos literarios actuais e sobre o noso rol como lectoras.

Realizar unha aproximación ás principais críticas e teóricas dos estudos literarios feministas, a través da exposición das súas principais ideas e traballos críticos.

Desenvolver ferramentas para a análise de obras literarias desde unha perspectiva feminista.

- **Dirección:** Inmaculada Báez Montero
- **Docentes:** Antía Fernández Martínez
- **Lugar:** aula 2, Edificio Redeiras, praza do Berbés 11, Vigo
- **Datas e horario:** 1, 8, 15, 22 e 29 de xullo
2, 9, 16 e 30 de setembro
7 de outubro de 10.00 a 13.00 h
- **Horas totais:** 30
- **Prazas:** 30
- **Prezo:** 80 euros

Cursos recoñecidos, na Universidade de Vigo, con 1 crédito ECTS por cada 30 horas de traballo

Información de condicións e oferta cursos

